

Raparigadas

NOVIDADES E OUTRAS HISTORIAS


O detective Suso Espada Espada e o mal de ollo

O investigador creado por Francisco X. Fernández Naval mergúllase nunha historia chea de corrupción que alcanza a todos os estamentos sociais da cidade. 'Suso Espada "Nota Roja"' é a novidade de Everest Galicia para rapaces de 12 anos en diante que se atreven con novela

Textos:	Fotos:
Ada Casa Grande	Everest Galicia

A nova novela de Francisco X. Fernández Naval *Suso Espada "Nota Roja"* xunto con outras propostas que hoxe presentamos neste número de *Raparigadas* son noveliñas divertidas, pero sobre todo, pensadas para un lector vivo que se atreve cun maior número de páxinas. Everest Galicia caracterízase por dotar dun contido transversal todas as súas propostas.

A novela *Suso Espada "Nota Roja"* ilustrada por Beatriz García Trillo, conta a historia da axencia de detectives na que traballa Suso Espada, ADN, que recibe o encargo de investigar un suposto caso de 'mal de ollo'. Nesas anda cando recibe un misterioso correo electrónico do seu curmán Francisco, que vive en México, no que lle pide axuda. Con autorización do seu xefe e sen abandonar o caso no que está a traballar, Suso desprázase a Oaxaca, a cidade onde reside a familia de Francisco. Alí descobre un mundo de delincuencia e de corrupción que alcanza a propia policía e outros estamentos sociais da cidade, pero tamén dá con persoas maravillosas que lle axudan e que lle ofrecen



'Punto de Encontro', unha completa e actual mirada

A editorial Everest consciente da necesidade de impulsar decididamente o fomento do hábito lector entre os rapaces e de contribuír ao esforzo dos profesores neste aspecto, creou en 1996 a colección *Leer é Vivir*. Esta colección ten como obxectivo converter a literatura infantil e xuvenil nun pracer, nun xogo e, ante todo, nun estímulo esencial no desenvolvemento do neno e da nena. Punto de Encontro, que é a co-

lección da que hoxe propomos libros, vai destinado a rapaces a partir dos 12 anos ata os 18. O interese por protexer, difundir e potenciar todas as linguas do Estado fai que se difunda en todas elas, a través dos selos pertinentes de Everest; ademais, esta colección está amoldada ás necesidades de aprendizaxe de cada idade e á súa correspondente capacidade intelectual, primando sobre todo a calidade.

a súa amizade e protección na que é a máis trepidante e perigosa das súas aventuras.

O ritmo rápido e unha información fresca e de actualidade engancharánnos nunha trama que mantén moi ben a intriga e está poboada por unha boa cantidade de personaxes.

O seu autor, Francisco X. Fernández Naval, é licenciado en Ciencias da Educación. En 1980 e en 2007, recibiu o Premio Poesía Cidade de Ourense ademais do Xerais de Novela.

Para aqueles que non queirades comprometer vos de cheo coa novela e preferides relatos que te mergullan en diferentes mundos *Historias que contan as paredes*, de Ana María Fernández, con ilustracións de Manel Cráneo, pode ser unha boa escolla. Trátase dun feixe de relatos que saen das paredes, as paredes son refuxio, barreira, compañía e apoio para todos aqueles que se paran a observar as pegadas que o tempo foi imprimindo nelas.

Moitas destas marcas nos lémbrañnos os nosos propios sentimentos, que se funden ou reflicten na sombra que proxectan. Pasear pola rúa ou polos cuartos da casa fai que nos reencontremos cos obxectos que forman parte da nosa vida emocional, da nosa memoria, da nosa experiencia, da Natureza... Unha vez máis, Ana María fainos partícipes do seu universo da complexa e sensible sinxeleza, onde os valores constitúen a base de felicidade.

A autora deste libro, nada en Palma de Mallorca, conta con varias obras escolares relacionadas coa aprendizaxe da lingua e diversas traducións de obras infantís ao galego. Aínda que a súa produción abrangue a narrativa e o teatro, é a poesía –e iso nótase na impronta da súa narrativa– a que maiores recoñecementos lle leva proporcionado, como o Facho, o Premio Barco de Vapor e o Lazarillo.